



BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS VINCULADOS A PROGRAMAS FINANCIADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA FINANCIADORA: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

CONVENIO OU PROGRAMA: Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

PUBLICACIÓN DO PROGRAMA OU CONVENIO: DOG núm. 85 de 4 de maio de 2023 e (Corrección de erros DOG núm. 92, do 15 de maio de 2023)

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Obxeto

2.- Características do posto de traballo ofertado

Denominación do postoACTAV AUX EN VIVEIROS, XARDIN, E CENTROS/CONSERV EMELLORA DE MOAGA00108/AGAR030	<ul style="list-style-type: none">Promoción turística local e información ao visitante (HOTI0108), tendo un nivel de cualificación 3, para 6 alumnos-traballadores.Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría (AGA00108) / conservación e mellora de montes (AGAO0208), tendo un nivel de cualificación 2, para 14 alumnos-traballadores.
Unidade/Área:	Concello de Portomarín, Monterroso e Palas de Rei.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

Sistema de selección:	Entrevista, capacitación e situación persoal segundo o disposto no artigo 11 da Orde de Convocatoria e con preferencia de alumnos que non participasen no Obradoiro anterior.
Núm. de postos que se convocan:	20

3.- Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RD Lex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Formación e aprendizaxe
Duración	Dende o 20 /11/2023 ao 19/11/2024
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornada de traballo (horas semanas e prestación)	40 horas semanais
Retribución bruta incluído o porrateo das extras	12 pagas do SMI 2024 + 2 pagas extras





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

4.- Requisitos dos aspirantes:

Requisitos mínimos que deben cumprir as persoas preseleccionadas son os seguintes segundo o disposto no Art. 2 e art. 11 da Orde do 21 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

- * Persoas mozas de dezoito ou máis anos de idade.
- * Estar desempregados/as, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- * Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao Obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.
- * Cando a formación que se vai impartir vía dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- * O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

4,1 - Causas de exclusión.

- * Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- * No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non. Todo isto segundo as instrucións de selección de obradoiros da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

PRAZA DO CAMIÑO S/N
27170 Portomarin
Tlf: 982545070
Fax: 982545111
emprego@concellodeportomarin.gal
www.concellodeportomarin.gal





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

5.- Publicidade.-

A Oferta de Emprego de estas Bases de convocatoria remitirase a Oficina de Emprego de Chantada e a Oficina de Lugo Sur, e despois de ser remitida á Oficina de Emprego, darase publicidade das bases de convocatoria na sede Electrónica do Concello de Portomarín e no Taboleiro de anuncios do Concello.

6.- Procedemento selectivo.-

Unha vez remitida listaxe de candidatos da Oficina de Emprego de Chantada e de Lugo Sur, poñerase en coñecemento de cada un dos candidatos para que o día da selección, presente a seguinte documentación no rexistro xeral do Concello, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como Anexo I a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Portomarín, indicando como asunto “Programa de Emprego” o cal se solicitou.

Requisitos:

- Copia do DNI
- Vida laboral ACTUALIZADA
- Certificado da oficina de emprego de ter planificado no seu itinerario profesional de inserción a súa participación neste programa.
 - Certificado da oficina de emprego de ser perceptor de prestación ou subsidio de desemprego
 - Copia do certificado de discapacidade
 - Acreditación expedida polos servizos sociais da Administración pública autonómica ou local correspondentes
 - Acreditación da situación de vítima de violencia de xénero

7.- Procedemento selectivo.

7.1.- Documentación:

As persoas convocadas pola Oficina de Emprego de Chantada e de Lugo presentarán a documentación acreditativa dos requisitos tanto orixinais como copias o **día 09/11/2023 as 09:00 h da mañá no salón de plenos do Concello de Portomarín**, para ser valorados/as polo Tribunal da comisión Mixta segundo o ANEXO II.

7.2.- Composición e actuación dos órganos de selección.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

O Tribunal cualificador, estará composto polos seguintes membros dunha Comisión Mixta:

Presidente: Un representante do Concello de Portomarín, con voz e voto de calidade no caso de empate.

Vocais: Un representante do Concello de Monterroso, un representante do Concello de Palas de Rei, con voz e voto.

Secretario: Será o da entidade neste caso o do Concello de Portomarín ou funcionario en quen delegue, que actuará con voz e sin voto.

A Comisión Mixta de selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira una titulación de nivel igual ou superior ao existido para participar no proceso selectivo.

7.3.- Sistema de selección e puntuación.

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e ademais, as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas emigrantes retornadas, as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia de xénero, as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego, as persoas paradas de longa duración, as persoas maiores de corenta e cinco anos, as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior –excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3, en que se require unha maior formación– xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

xeral, carecen dunha cualificación profesional, as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos dous últimos anos nun obradoiro de emprego.

Á vista do anterior, o Tribunal de selección en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 11 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 46 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no

PRAZA DO CAMIÑO S/N
27170 Portomarin
Tlf: 982545070
Fax: 982545111

emprego@concellodeportomarin.es
www.concellodeportomarin.es





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa sede electrónica, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempregado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

O Tribunal de selección asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

8.- Listaxe de reserva.

O Tribunal de selección, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnos/as traballadores/as, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

9.- Admisión.

As persoas seleccionadas polo Tribunal de selección serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumbran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

PRAZA DO CAMIÑO S/N
27170 Portomarin
Tlf: 982545070
Fax: 982545111
emprego@concellodeportomarin.es
www.concellodeportomarin.es





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

10.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este Tribunal de selección prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas

,e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

11.- Publicidade das bases:

Estas bases serán publicadas na sede electrónica da entidade promotora, así como nos taboleiros de anuncios da entidade promotora, da oficina de emprego que tramite a oferta e da xefatura territorial.

No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

12.- Outras cuestións:

Os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.





ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Mulleres vítimas de violencia de xénero 2 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior 1 punto

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 7 puntos.
- 30 - 44 anos 1 punto.
- 45 ou máis 3 puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía $\geq 33\%$ 1 punto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego 1 punto.
- Perceptores de subsidios 2 puntos.
- Non perceptores. 5 puntos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 1 punto.
- De 12 a 18 meses 2 puntos
- Máis de 18 meses 4 puntos
- Sen emprego anterior 0 puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIORSEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos. 0 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos.
- Grupo de cotización 8 1 puntos.
- Grupo de cotización 9 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 3 puntos.
- Sen emprego anterior 4 puntos.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE

EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social)

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA) 1 punto.

8.- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) e na mesma especialidade con anterioridade á data un de setembro 2 puntos.

9.- CANDIDATOS/AS QUE PARTICIPARON NOUTROS OBRADOIROS DE EMPREGO En distintos certificados

- Candidato/a que nunca participou nun obradoiro de emprego 20 puntos.
- Candidato/a que participou en 1 obradoiro de emprego con anterioridade 10 puntos.
- Candidato/a que participou en 2 ou máis obradoiros de emprego con anterioridade 0 puntos.

10.- ENTREVISTA

- Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 11 puntos.





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLAS PERSOAS CANDIDATAS O DÍA DA SELECCIÓN.

(De non presentar a documentación, o apartado non será valorado)

- Copia do DNI
- Vida laboral ACTUALIZADA
- Certificado da oficina de emprego de ter planificado no seu itinerario profesional de inserción a súa participación neste programa.
 - Certificado da oficina de emprego de ser perceptor de prestación ou subsidio de desemprego
 - Copia do certificado de discapacidade
 - Acreditación expedida polos servizos sociais da Administración pública autonómica ou local correspondentes
 - Acreditación da situación de vítima de violencia de xénero





CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

PRAZA DO CAMIÑO S/N
27170 Portomarín
Tlf: 982545070
Fax: 982545100
emprego@concellodeportomarín.gal
www.concellodeportomarín.gal

Cod. Validación: AF64NK4JSA67ZYQWR4CN49LN
Corrección: <https://portomarín.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

